



Concello de Lugo

Escultura “O Cristo redentor” Francisco Asorey



Trátase dunha escultura do ano 1935, da autoría de Francisco Asorey, considerado como un dos mellores escultores galegos do Século XX que formou parte da Xeración Nós xunto a Castelao, Vicente Risco e Otero Pedraio. Francisco Asorey González, naceu en Cambados no ano 1889 e finou en Santiago de Compostela no 1961.

Estudou en Barcelona adquirindo unha inicial formación académica con tendencias barrocas da imaxinería tradicional española. Aínda así soubo evolucionar no seu tempo podendo encontrar na súa obra tintes de expresionismo, esquematismo e ata inicios de cubismo e/ou postcubismo.

A súa produción artística abrangue non só a escultura en madeira senón tamén en pedra donde destaca a funeraria e a escultura monumental conmemorativa. De neno xa destacaba na realización de cristos e santos de madeira.

Esculpido en mármore branco, o *Cristo redentor* representa a Xesucristo a escala real, de corpo enteiro, de pé, e sostendo coas mans sobre o peito a sagrada forma.

A figura está pensada para ser vista de fronte, á maneira da arte exipcia, e caracterízase pola simetría, a rixidez, o xeometrismo das formas e a inexpressividade do rostro; particularidades que remiten ao *kuros* grego,

O tratamento do cabelo e os pregamentos da túnica son un claro exemplo de inspiración arcaica.

As medidas da peza son de 180 por 65 e por 30 centímetros, e conta cunha base de 41 por 36.



Concello de Lugo

Escultura “O Cristo redentor” Francisco Asorey



Se trata de una escultura realizada en el año 1935 de la autoría de Francisco Asorey, considerado cómo uno de los mejores escultores gallegos del Siglo XX que formó parte de la Generación “Nós” junto a Castelao, Vicente Risco y Otero Pedrayo. Francisco Asorey González, nació en Cambados en el año 1889 y falleció en Santiago de Compostela en el 1961.

Estudió en Barcelona adquiriendo una inicial formación académica con tendencias barrocas de imaginería tradicional española. Aún así supo evolucionar en su tiempo pudiendo encontrar en su obra tintes de expresionismo, esquematismo y hasta inicios de cubismo y/o postcubismo.

Su producción artística abarca no solo a la escultura en madera, sino también en piedra, donde destaca la funeraria y la escultura monumental conmemorativa. De niño ya descaba en la realización de cristos y santos de madera.

Esculpido en mármol blanco, el Cristo redentor representa a Jesucristo a escala real, de cuerpo entero, de pie, y sosteniendo con las manos sobre el pecho a sagrada forma.

La figura está pensada para ser vista de frente, a la manera del arte egipcia, y se caracteriza por la simetría, la rigidez, el geometrismo de las formas y la inexpresividad del rostro; particularidades que remiten al kuros griego,

El tratamiento del cabello y los pregamentos de la túnica son un claro ejemplo de inspiración arcaica.

Las medidas de la pieza son de 180 por 65 y por 30 centímetros, y cuenta con una base de 41 por 36.